

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

O curso pasado quedou demostrada a importancia que no século XXI teñen as novas tecnoloxías, tanto para a creación de recursos educativos como para facelos chegar a todos os fogares, así como a ausencia nos centros educativos de recursos tecnolóxicos suficientes e actualizados a disposición do profesorado.

OBXECTIVOS:

- Dotar ao centro de máis cantidade de ordenadores persoais e portátiles actualizados.
- Dar continuidade aos **blog.** e páxina **web do centro.**
- Creación do blog do club de lectura.
- Aprender a usar a **aula virtual** como un recurso a empregar máis.
- Crear máis actividades para a **PDI** relacionadas co entorno próximo dos nenos/as e cos proxectos que se estean a traballar.
- Usar a aplicación de videoconferencias “**Falemos**” da Xunta para levar a cabo as reunións de equipas e profesorado que sexan posibles, así como as titorías coas familias.
- Posibilitar accións en STREAMING para continuar colaborando con entidades, asociacións, familias,....
- Crear o **recanto dixital na aula** dotado de:
 - o **Tableta:** que dotaremos de aplicacións e xogos interactivos axeitados e usaremos como un recurso máis para que o alumnado traballe contidos educativos.
 - o **Ordenador persoal con altofalantes, rato e impresora:** que tamén se empregará para reforzar contidos educativos e que o alumnado deberá de aprender a usar cada vez de maneira máis autónoma.
 - o **Mesa de Luz:** onde tamén se reforzarán contidos educativos traballados que axuden na consecución dos obxectivos dos proxectos de innovación.
 - o **Escornabot:** para traballar aspectos de orientación espacial, lateralidade así como calquera contido que queiramos dunha maneira máis motivadora e lúdica para o alumnado.
 - o **BIBLIOTECA CREATIVA:** solicitar a nosa continuidade neste proxecto cara a posibilidade de contar cunha impresora 3D.
- Continuar e aumentar o uso de **Abalar** móbil como unha ferramenta de intercambio de información máis directa entre as familias coas titoras e co centro educativo.
- Aumentar o número de profesorado que teña un coñecemento mínimo para facer as labores administrativas do centro que son na meirande parte a través do **XADE.**
- Continuar mellorando en canto ao uso das novas tecnoloxías, tanto a nivel de hardware como de software: power point, filmora, genially, kinemaster, uso de diferentes aplicacións, e outros programas de edición de foto e vídeo.

ACTIVIDADES:

- As mestras titoras así como as especialistas continuarán co mantemento do seu blog de aula e de especialidade.
- O coordinadora TICs no centro comprométese a manter actualizada a web do centro.
- Os coordinadores dos resto de equipas manterán actualizados os seus respectivos blogues.
- Trataremos de reunirmos mensualmente coa secretaria do centro para que nos vaia orientando en labores administrativas.
- Elaboraremos máis actividades para a PDI que sexan cercanas aos nenos (con fotos do entorno próximo e dos mesmos nenos e nenas así como relacionadas cos proxectos que se estean a traballar) e crearemos unha carpeta nun ordenador de uso común, onde o profesorado se compromete a subir e compartir co resto de compañeiras/o as actividades desenvolvidas.
- Crearemos novos materiais para traballar cos escornabots e proposta para continuar mellorando a nosa Biblioteca Creativa.

METODOLOXÍA / RECURSOS:

Concibimos a educación como un proceso construtivo no que a actitude que manteñen profesor e alumno/a permite unha aprendizaxe significativa. Como consecuencia desta concepción construtivista do ensino, o/a alumno/a convértese en motor do seu propio proceso de aprendizaxe ao modificar el mesmo os seus esquemas de coñecemento, sendo o rol do profesor o de guía que pon en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumno/a cos novos contidos.

Así pois, en Educación Infantil, a metodoloxía máis axeitada consiste en utilizar o **Recuncho do Computador**, dotado de ordenador persoal, impresora, rato, altofalantes, tableta, mesa de luz e escornabot, onde o alumnado poden traballar individualmente ou en pequeno grupo dende os tres anos, axudándolles a dominar os conceptos máis básicos: dende o manexo do rato ao uso de sinxelos programas adaptados ao seu nivel, así como a reforzar outros contidos educativos traballados ao ser máis motivadores para eles/as.

Por outro lado o uso da **EDI** permite realizar actividades grupais onde se motiva ao alumnado, se fomenta a interacción e o diálogo.

A formación integral de todo o profesorado na administración e xestión do centro permitirá, si se da o caso, adoptar esas funcións en caso de urxencia para continuar a vida do centro de forma normalizada.

Para conseguilo precisamos de:

- Conexión continua e rápida a internet.
- Máis softwares educativos en lingua propia.
- Uns ordenadores de aula actualizados e libres de virus.
- Máis portátiles para uso do profesorado no desempeño da súas funcións e tamén en caso de confinamento.
- Dotar a todas aos grupos-aula do centro de : ordenadores e impresoras de última xeración e mesas multitáctiles,....

UBICACIÓN DAS TICS NO CENTRO

Actualmente o centro dispón dun ordenador para cada grupo-aula e que se está a empregar para o uso da EDI e para uso do profesorado titor. Algún grupo aula tamén dispón, a maiores, de ordenador no recanto TIC. Asemade, contamos en dito recanto de: unha tableta e dous escornabots e mesa de luz. Cada un dos ordenadores está conectado á Internet por liña ADSL, así mesmo o centro conta con conexión Wi-Fi, e temos neste momento tres ordenadores na biblioteca, lugar onde se centralizan os recursos tic que son prestados as aulas.

Tamén contamos cunha impresora por aula (aínda que algunha non está actualizada e cada ano renovase unha co presuposto anual do centro), e hai conexión en liña para a impresión de fotocopiadoras, na actualidade contamos con dúas, unha situada en secretaría e outra na sala de profesorado.

Así mesmo contamos con xogos interactivos para os nenos e nenas no centro e outros elementos que axudan na creación de materiais , xogos e actividades como son: cámara de vídeo e de fotos, proxector, ampliador de música e voz,....

NORMAS DE USO DOS RECURSOS TICS DO CENTRO

As normas de uso dos recursos TICS serán as seguintes:

- Non introducir nos ordenadores soportes de datos (Disquetes, CD-ROM, DVD, PEN-DRIVE, etc.) sen unha análise de virus previa.
- Tratar o material de forma axeitada.
- Comunicar os problemas dos equipos para arranxalo rapidamente.
- Deixar as partes da EDIS ou dos ordenadores de xeito ordenado.
- Apagado diario da totalidade dos recursos tecnolóxicos.
- Poñer un contrasinal en cada un dos ordenadores do centro.